

Empresas galegas e estranxeiras manterán máis de 800 encontros vis a vis durante a misión comercial inversa en Navalia

- A Cámara de Comercio de Vigo e Pontevedra organizan a acción, que multiplicou por catro o número de participantes con respecto á anterior edición

Vigo, 10/05/2010. As cifras non enganan e, en plena crise internacional, a misión comercial inversa que con motivo de NAVALIA organiza a Cámara de Comercio de Vigo xunto coa de Pontevedra multiplicou o número de empresas participantes con respecto á anterior edición. Así, participarán un total de 61 empresas galegas e 30 do estranxeiro, entre as que se estima que se celebren máis de 800 reunións de negocios. Entre elas hai industrias armadoras, auxiliares de equipo, provedores da industria naval...

NAVALIA reaparece nun momento clave, cando o sector pasou da “plena ocupación, á necesidade de que xurdan máis contratos”, tal e como manifestou José García Costas, presidente da Cámara de Comercio de Vigo, durante a presentación da acción, que tivo lugar esta mañá nas instalacións viguesas e na que entrevistou Javier Guerra, conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia e Ricardo Mirón, presidente da Cámara de Comercio de Pontevedra.

Concretamente, a Cámara de Vigo reuniu a 24 empresas galegas da súa demarcación, mentras que na anterior edición participaron 6, multiplica así por 4 o número de industrias interesadas. As empresas extranxeiras son máis do dobre tamén, xa que acuden 18, sendo India o país máis representado. Tamén veñen de países como Islandia, Francia, EEUU e México.

A Cámara de Pontevedra, pola súa banda, acode con 37 entidades da súa demarcación territorial e 12 estranxeiras, todas de Brasil. O organismo traballa neste país dende 1992, cando se puxo en marcha o Foexga. Dende entón as relacións comerciais multiplicáronse, dando lugar moitas veces a sociedades mixtas, integradas por empresas de Galicia e brasileiras. O éxito das relacións mercantís aconsellou á Xunta de Galicia e Cámara de Comercio a crear unha oficina comercial permanente en Brasil, con sede en Florianópolis, no Estado de Santa Catarina. O país sudamericano convertiuse nos últimos anos nun

verdadero paraíso en canto ás oportunidades para as inversións extranxeiras, consolidando a súa posición de líder indiscutible no desenvolvemento económico de América Latina e amosouse como un dos sistemas máis sólidos á hora de resistir as embestidas da crise financeira global. Por este motivo, a súa presenza resulta especialmente interesante. “Gañamos a pulso este mercado e tras NAVALIA, salirán reforzadas aínda máis as relacións comerciais con Brasil”, comentou Ricardo Mirón, presidente da Cámara de Pontevedra.

“Non existe futuro sen internacionalización, e para elo apoiámonos nas Cámaras de Comercio” manifestou o conselleiro de Economía, Javier Guerra, quen recordou que o seu departamento incrementou nun 60% o orzamento dedicado ao Plan Foexga, “alcanzando os 2.532.000 €, o máximo histórico”.

Todos os encontros terán lugar no stand H18 do IFEVI, os días 18 e 19 de maio. O espacio estará habilitado con mesas e cadeiras e serán encontros bis a bis. As empresas estranxeiras terán unha mesa adxudicada e serán as galegas as que se vaian movendo de mesa en mesa. Se sigue así co modelo de meeting-point adoptado na World Fishing Exhibition, xa que foi valorado como moi positivo por parte das empresas. Finalmente, o xoves 20 a Cámara de Comercio de Vigo organizoulles unha visita ao porto de Vigo e ao estaleiro H.J Barreras.

NAVALIA

A cita de 2010 preséntase como toda unha declaración de principios, xa que en plena crise internacional, NAVALIA conseguiu duplicar as cifras da súa primeira edición. Os expositores da feira ocupan practicamente os 30.000 metros cadrados previstos no IFEVI, unha cifra que supón a visita de case 750 firmas representadas de 75 países. Os 500 expositores que estarán presentes en NAVALIA recibirán a visita de 25.000 profesionais do sector.